



PUBLICIDADE



Uso do smartphone
Programa Xunt@s de impulso da participación cidadá e asociacionismo na provincia




UNHA COMEDIA CON D.O. Ribeiro
+CUÑADOS
19 ABRIL EN CINEMAS


 Faite sozia

Economía

Antón Costas reclama "un novo contrato social" que poña o emprego de calidade no centro para frear "os novos fascismos"

Praza Pública @prazapublica

luns 15, abril 2024



Discurso de Antón Costas no seu ingreso na Real Academia Galega de Ciencias © Suso Rivas



Antón Costas: "Doulle á competencia un valor social que a esquerda non sabe ver"

domingo 3, setembro 2017

Radiografía do sector industrial galego: unha oportunidade de país en crecemento

luns 25, marzo 2024

Para Costas este novo contrato social "é o camiño para "pechar o paso aos novos fascismos do século XXI" e debe servir para dar resposta á actual "frustración, resentimento e incerteza" existentes nas clases media e traballadora

O economista vigués Antón Costas ingresou este luns na [Real Academia Galega de Ciencias \(RAGC\)](#) cun discurso no que avogou por crear **"un novo contrato social" centrado en "devolver dignidade e recoñecemento ao traballo" e na "creación de bos empregos"**.

Costas, nacido en Matamá en 1949, e na actualidade presidente do [Consello Económico e Social de España](#), destacou que este novo contrato social que poña o emprego de calidade no centro e "capaz de fomentar o dinamismo económico á vez que unha sociedade xusta" é o camiño para "pechar o paso aos novos fascismos do século XXI". **O novo contrato social debe servir para dar resposta á actual "frustración, resentimento e incerteza" existentes nas clases media e traballadora.**



Discurso de Antón Costas no seu ingreso na Real Academia Galega de Ciencias © Suso Rivas

O vigués, actual presidente do *Consello Económico e Social de España*, ingresou na Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) nun acto celebrado no compostelán Pazo de San Roque

O economista [-co que falamos nesta entrevista-](#) explicou, así mesmo, que "entramos nunha nova era" na que a natureza dos problemas económicos "cambiou". **"Agora non se trata de maximizar un obxectivo determinado, por exemplo o PIB, senón de elixir unha combinación adecuada entre obxectivos igualmente desexables pero en conflito**, por exemplo, avanzar na Axenda 2030 de descarbonización e o mantemento económico e social destas actividades e da seguridade alimentaria", dixo.

"Esta elección non é unha decisión tecnocrática que vai de arriba abaixo que poidan adoptar os gobernos con axuda dos expertos, é unha decisión social que debe ir de abaixo a arriba e que require diálogo,

negociación e acordo", sinalou, engadindo que "para iso necesitamos ter unha sociedade informada, capaz de distinguir o que é unha política pragmática dunha ideolóxica ou populista, que fronte a problemas complexos ofrecen respostas simples, pero equivocadas. Para iso os economistas terán que falar á sociedade máis que ao poder e desenvolver novas ferramentas analíticas para identificar que políticas melloran o benestar social".

PUBLICIDADE



O vigués explicou que "o emprego é punto cego da economía tradicional" pois "o foco exclusivo no benestar dos consumidores fixo esquecer a importancia do emprego e a produción nacional para a cohesión social e o crecemento a longo prazo"

Para Costas, as prioridades do diálogo para construír un novo contrato social en España deben ser "os bos empregos, a produtividade e a erradicación da pobreza infantil, unha secuela inadmisíble para unha sociedade decente". **O vigués explicou que "o emprego é punto cego da economía tradicional" pois "o foco exclusivo no benestar dos consumidores fixo esquecer a importancia do emprego e a produción nacional para a cohesión social e o crecemento a longo prazo"** e destacou que na actualidade estamos asistindo a un reequilibrio entre "comercio e produción nacional", dando un maior peso ás políticas industriais nacionais, que foran abandonadas en Europa durante as últimas décadas. En Galicia, neste contexto, a facturación [dun sector industrial innovador e moi internacionalizado](#) disparouse [un 61% dende o ano 2016](#).

O economista pechou a súa intervención amosando o seu optimismo e sinalando que "en contra do que se pensa, estes tempos de frustración, resentimento e incerteza favorecen a construción dun novo contrato social".



Antón Costas © CES

O economista pechou a súa intervención amosando o seu optimismo e sinalando que "en contra do que se pensa, estes tempos de frustración, resentimento e incerteza favorecen a construción dun novo contrato social".

O compostelán Pazo de San Roque acolleu o acto, no que o discurso de Costas foi respondido en nome da RAGC polo académico Alberto Gago Rodríguez. No evento, que abriu o presidente da RAGC, Juan Lema, asistiron o presidente da Comisión de Economía, Comercio e Transformación Digital do Congreso dos Deputados, Pedro Puy; a deputada do BNG Iria Carreira; os deputados do PSdeG José Ramón Gómez Besteiro e Julio Abalde; o director da Área de Xestión de Gain, Benito Fernández; o presidente do Consello Económico e Social de Galicia, Manuel Pérez; o secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro; a vicerreitora de Política Científica da USC, Pilar Bermejo; e a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez.

PUBLICIDADE

Uso do smartphone
Programa Xunt@s de impulso da participación cidadá e asociacionismo na provincia

DEPUTACIÓN DE LUGO

MARÍA ALONSO SEISDEDOS
AS JERMAINE

EDITORIAL GALAXIA

www.editorialgalaxia.gal

De Vigo a Barcelona

Antón Costas é catedrático de Economía Aplicada na Facultade de Ciencias Económicas na Universidade de Barcelona. **Graduouse primeiro como Enxeñeiro Técnico Industrial en Vigo, para posteriormente realizar a carreira de Económicas en Barcelona.** A súa tese de doutoramento, dirixida polos profesores Fabián Estapé e Ernest Lluch, centrouse no pensamento e a política económica liberal do século XIX. Docente universitario durante moitos anos, en 2013 asumiu o cargo de presidente do [Círculo de Economía](#), que ocupou ata o 2016. Publicou máis dunha ducia de obras, entre as que destacan *La crisis de 2008. De la Economía a la Política y más allá*, *La torre de la arrogancia*, *La nueva piel del capitalismo* ou *Laberintos de prosperidad*.



Antón Costas © Alfonso Esteban

PUBLICIDADE





Praza Pública



Ver comentarios

PUBLICIDADE

